

XUNTA DE GOBERNO**Sesión do día 24 de outubro de 2025**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día 24 de outubro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e Paula Bouzós Barros* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35702.- **ACTA ANTERIOR**

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 17 de outubro de 2025.

2.35703.- **ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO SISTEMA DE IMPRESIÓN PARA A IMPRENTA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2025025952)**

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 06 de agosto de 2025, resultando publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 07 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 11 de setembro de 2025 procedeu á apertura electrónica e cualificación do sobre A, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes, por lotes:

Lote nº 1. Novo equipo de impresión dixital profesional:

- CANON ESPAÑA, S.A.U. (CIF: A28122125).
- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571).

Lote nº 2. Ricoh Pro C7100:

- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571).

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobre B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Resultando.- Que recibido informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, emitidos polo xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 16 de setembro de 2025 (CSVs: G8P71QOA6C9QDLWG e GY9F6JEBO9YKM8E7), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 18 de setembro de 2025, prestou conformidade ás puntuacións acadadas, que se desagregan, por lotes, como segue:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	CANON ESPAÑA, S.A.U.	SOLITIUM, S.L.
Metodoloxía de xestión do servizo	8,000	4,000	7,000
Xestión de incidencias	9,000	5,000	8,000
Plan de traballo	8,000	4,000	7,000
PUNTUACIÓN TOTAL “SOBRE B”	25,000	13,000	22,000

Lote nº 2: Ricoh Pro C7100:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	SOLITIUM, S.L.
Metodoloxía de xestión do servizo	8,000	7,000
Xestión de incidencias	9,000	8,000
Plan de traballo	8,000	7,000
PUNTUACIÓN TOTAL “SOBRE B”	25,000	22,000



Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento, sendo os valores ofertados os indicados no certificado da Mesa de contratación con CSV (MTKESDI092BPR58K).

Resultando.- Que as puntuacións finais acadadas polas empresas que participan no procedemento constan no informe de puntuacións, con CSV: 9SEVG6BL5JIP2I58.

Resultando.- Que unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 02 de outubro de 2025, acordou propor ao órgano de contratación a clasificación das ofertas por orde decrecente de puntuación, que resulta como segue, por lotes:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx.25 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx. 75 puntos)	Puntuación total
1ª	Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125)	13,000	67,830	80,830
2ª	Solitium, S.L. (CIF: B50570571)	22,000	56,726	78,726

Lote nº 2: Ricoh Pro C7100

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx.25 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx. 75 puntos)	Puntuación total
1ª	Solitium, S.L. (CIF: B50570571)	22,000	6,423	28,423

A Mesa de Contratación, en base a dita clasificación, efectuou proposta ao órgano de contratación para que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, procedese á adxudicación do Lote nº 1 á empresa Canon España, S.A.U.(CIF: A28122125) e do Lote nº 2 á empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571), polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 03 de outubro de 2025, comproba que a empresa Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, solvencia económica e financeira e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.



Resultando.- Que visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 03 de outubro de 2025, comproba que a empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, solvencia económica e financeira e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que, con data 06 de outubro de 2025, a empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571) presentou instancia xenérica a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra pola que se solicita acceso á oferta do sobre C do Lote nº 1, presentada por Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125), no relativo á marca e ao modelo ofertado para comprobar o cumprimento do criterio de adxudicación *“consumo eléctrico o del equipo en funcionamento es inferior a 2.500w”* (número de rexistro de entrada WEB2025069474).

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número RP2025008095, de data 07 de outubro de 2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ás empresas Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125) e Solitium, S.L. (CIF: B50570571), que presentan a mellor oferta nos Lotes nº 1 e 2, respectivamente, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número RP2025008184, de 09 de outubro de 2025, autorizouse o acceso á empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571) á parte da oferta presentada pola outra empresa licitadora, non declarada como confidencial, onde se constataba o cumprimento do criterio *“consumo eléctrico o del equipo en funcionamiento es inferior a 2.500w”*.

Resultando.- Que Canon España, S.A.U.(CIF: A28122125) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025071489, de data 15 de outubro de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución de garantía definitiva, por importe de 2.517,96 € (carta de pago nº 12025000190808, de data 15 de outubro de 2025).

Resultando.- Que Solitium, S.L. (CIF: B50570571) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada 2025019435, de data 15 de outubro de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución de garantía definitiva, por importe de 647,50 € (carta de pago nº 12025000190804, de data 15 de outubro de 2025).

Considerando.- Os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1- Adxudicar o contrato de “*subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra*” polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

Lote nº 1.- Canon España, S.A.U.(CIF: A28122125)

1. Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo 2 ANUALIDADES
Importe sen o IVE:	2.098,30 €	50.359,13 €
IVE (21 %):	440,64 €	10.575,42 €
Importe total ofertado:	2.538,94 €	60.934,55 €

2. Prezo unitario de referencia para as copias:

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,02900 €	0,03509 €
Copia en b/n	0,00000 €	0,00000 €

3. Melloras nas características funcionais dos equipos:

- O equipo permite impresión automática a dobre cara ata 1.300 mm: ☒ SÍ
- Velocidade de impresión ≥ 120 ppm A4 a 450 gr: ☒ NON
- O equipo admite un ancho mínimo do papel inferior a 100 mm: ☒ SÍ
- O consumo eléctrico do equipo en funcionamento é inferior a 2.500w: ☒ SÍ
- O equipo dispón dunha zona de arrefriado con ventilación específica para iso despois da fixación: ☒ SÍ
- O equipo dispón dunha zona específica de bandas para minimizar a estática: ☒ SÍ
- O equipo dispón de tecnoloxía de impresión con densitómetros en liña que midan ao 20%, 40%, 60%, 80%, 100%: ☒ SÍ



Lote nº 2.- Solitium, S.L. (CIF: B50570571)

1. Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo 2 ANUALIDADES
Importe sen o IVE:	539,58 €	12.950,00 €
IVE (21 %):	113,31 €	2.719,50 €
Importe total ofertado:	652,90 €	15.669,50 €

2. Prezo unitario de referencia para as copias:

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,034900 €	0,042229 €
Copia en b/n	0,0069000 €	0,008349 €

Prazo de duración (Lotes nº 1 e 2) e de execución (Lote nº 1):

O prazo de duración do contrato en ambos lotes fíxase en (2) dous anos, a contar desde a data de formalización do contrato.

No caso do lote 1, contéplase un prazo máximo de subministro e implantación do equipamento de 45 días naturais, a contar dende a data de formalización do contrato, iniciándose o período de facturación do mesmo unha vez asinada a acta de recepción favorable ata o cumprimento dos (2) dous anos. Polo tanto, no caso de efectuar a subministración referida no prazo máximo (45 días naturais), o período de facturación sería de 22 meses e medio.

Contéplanse 1 prórroga de 2 anos de duración.

Tempo e lugar de entrega (subministración do novo equipo de impresión Lote nº 1):

O novo equipo de impresión dixital profesional será instalado na Imprenta Provincial, sita no Centro Infantil Príncipe Felipe (Avda. De Montecelo, s/n), no prazo máximo de 45 días naturais, a contar dende a data de formalización do contrato. A recepción do equipamento realizarse no seguinte horario: de luns a venres de 8:00h a 15:00 h.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
LOTE 1	2025	25/926.9260.206.00 (lote 1)	15.233,64 €
	2026	26/926.9260.206.00 (lote 1)	30.467,27 €
	2027 (6 meses)	27/926.9260.206.00 (lote 1)	15.233,64 €
	TOTAL LOTE 1		60.934,55 €
LOTE 2	2025	25/926.9260. 227.09 (lote 2)	3.917,37 €
	2026	26/926.9260. 227.09 (lote 2)	7.834,76 €
	2027 (6 meses)	27/926.9260. 227.09 (lote 2)	3.917,37 €
	TOTAL LOTE 2		15.669,50 €



En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2026 e 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

LOTE 1: O pagamento á empresa adxudicataria realizarase mensualmente contra a presentación da correspondente factura e unha vez recibida a conformidade por parte do servizo xestor, polo importe que resulta de aplicar ao orzamento base de licitación, sen o IVE, a porcentaxe de baixada ofertada pola empresa adxudicataria, máis o IVE correspondente, e dividilo entre 24 meses.

O importe a aboar vincúlase a un volume de impresións mínimo mensual, no que se contemplen xa repercutidos todos os custos derivados do servizo (arrendamento do novo equipamento fornecido e servizos de soporte, mantemento e reposición de consumibles), sen prexuízo da regularización anual levada a cabo a final de ano por anualidade vencida, no caso de que exista un desfasamento entre o cómputo total de impresións anuais estimado (o volume mínimo de impresións mensual é de 500 impresións en B/N e 99.500 impresións a cor) e o cómputo total de impresións anuais reais nunha porcentaxe superior ao 10%.

De darse esta situación, a regularización anual a abonar será o resultado de ao excedente de impresións que superen o 10% do estimado arriba sinalado os prezos de referencia para as impresións en branco e negro (b/n) e cor, unha vez aplicada a porcentaxe de baixada ofertada pola empresa adxudicataria.

LOTE 2: O pagamento á empresa adxudicataria realizarase mensualmente contra a presentación da correspondente factura e unha vez recibida a conformidade por parte do servizo xestor, polo importe que resulta de aplicar ao orzamento base de licitación, sen o IVE, a porcentaxe de baixada ofertada pola empresa adxudicataria, máis o IVE correspondente, e dividilo entre 24 meses.

O importe a aboar vincúlase a un volume de impresións mínimo mensual, no que se contemplen xa repercutidos todos os custos derivados do servizo de soporte, mantemento e reposición de consumibles para o equipo, sen prexuízo da regularización anual levada a cabo a final de ano por anualidade vencida, no caso de que exista un desfasamento entre o cómputo total de impresións anuais estimado (o volume mínimo de impresións mensual é de 100 impresións en B/N e 10.000 impresións a cor) e o cómputo total de impresións anuais reais nunha porcentaxe superior ao 10%.

De darse esta situación, a regularización anual a abonar será o resultado de ao excedente de impresións que superen o 10% do estimado arriba sinalado os prezos de referencia para as impresións en branco e negro (b/n) e cor, unha vez aplicada a porcentaxe de baixada ofertada pola empresa adxudicataria.

Nota: O orzamento base de licitación e o prezo de adxudicación opera, como máximo, debendo de facturarse soamente polos servizos/subministracións efectivamente realizados/as, segundo as necesidades do servizo.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P36000000H)	Núm. de exp.:	2025025952
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135
		Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: xefe do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

5.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

3.35704.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A., -EOSA- (A-36.196.418), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO "SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA A REDACCIÓN E ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA E RURAL 2030 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (AUPO 2030)". (EXPTE. 2022066946). (DEVOGARÁN 2024061259)

Por acordo, número 25.32195, adoptado pola da Xunta de Goberno celebrada en sesión ordinaria, de data 03 de febreiro de 2023 (CSV.- MAFY8NFWU3KD2KRL), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado o "Servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de Acción da axenda urbana e rural 2030 de Deputación de Pontevedra (AUPO 2030)". (Núm. Expte. 2022066946)



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Estrategia y Organización, S.A.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (A-36.196.418)	4.501,54€	202300019383	27/01/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Cooperación (CSV.- UQCD2O96WIN7WIJS), no cal sinala que “(...) *Recibida a solicitud de devolución de garantía, analízase o cumprimento do citado contrato por parte da empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (CIF.- A36196418) considerando os fundamentos xurídicos citados e a normativa de aplicación pola natureza da prestación (...).*

(...) *INFORMO FAVORABLEMENTE o expediente de devolución da garantía definitiva á empresa adxudicataria, e constituída en legal forma para o servizo de “Consultoría para a redacción e elaboración do Plan de acción da axenda urbana e rural 2023 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030)” (...).*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- XKG6UUNAXWAQ8K78), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de Acción da axenda urbana e rural 2030 de Deputación de Pontevedra (AUPO 2030)*” (Núm. Expte. 2022066946), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (A-36.196.418), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

o A constituída, mediante aval emitido pola entidade ABANCA Corporación Bancaria, S.A., NIF A-70.302.039 “*Inscrito no Rexistro Especial de Avals, co nº 680967*”, por importe de catro mil cincocentos un euros con cincuenta e catro céntimos (4.501,54 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 27/01/2023, segundo orde e constitución de valores *número 12024000030726 (Carta de Pago 202300019383).*



4.35705.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES RAFER, S.L., (B-36.052.702), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A "REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 6106 MACEIRAS-ALVARELLOS, DO P.Q. 0+000 Ó P.Q. 4+810 (CONCELLO DE DOZÓN)". (EXPTE.2021034032) (DEVOGARÁN 2025054337)

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 10 de xaneiro de 2022 (CSV.- HQRU1KTMMKFAS0L6), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de "Reposición de firme na EP 6106 Maceira – Alvarelos, do P.Q. 0+000 Ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)". (Núm. Expte. 2021034032).

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Construcciones Rafer, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. (B-36.052.702)	13.755,48€	202100243372	22/12/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- BWXB3QVTK2WRJV32), no cal sinala que "(...), Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode proceder a liquidación da obra sen variación económica.

En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 27/07/2022, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de trece mil setecentos cincuenta e cinco euros con corenta e oito céntimos (13.755,48 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100243372 de data 22/12/2021. (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- EQU02BQEDVX5UV8Q), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. (B-36.052.702), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de *“Reposición de firme na EP 6106 Maceira – Alvarellos, do P.Q. 0+000 Ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)”* (Núm. Expte. 2021034032), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES RAFAER, S.L. (B-36.052.702), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade aseguradora CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, Cia de Seguros y Reaseguros (NIF.- A-28.013.050) *“Con certificado de seguro de Caución número 30000834/00000015”*, por importe de trece mil setecentos cincuenta e cinco euros con corenta e oito céntimos (13.755,48 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 22/12/2021, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030550 (*Número de Carta de Pago 202100243372*).

5.35706.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTADÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2025. (EXLTE.2025005752)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: *“Contratos menores adxudicados no terceiro trimestre de 2025”* e *“Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o terceiro trimestre do ano 2025”* que se achegan no expediente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda enterada do contido dos informes *“Contratos menores adxudicados no terceiro trimestre de 2025”* (CSV: 83FK8KLVMIK3SM7I) e *“Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o terceiro trimestre do ano 2025”* (CSV: CU9J668NAO00YEC0), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.



6.35707.- AUTORIZACIÓN DA MODIFICACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA DO INVESTIMENTO “MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE ABASTECIMENTO DO MANANTIAL DE RESTEVELAS” DA COMUNIDADE DE USUARIOS MANANCIAL DE AUGAS DE RESTEVELAS (CONCELLO DE A ESTRADA), NO MARCO DO PROGRAMA +AQUA 2024 (EXPTE: 2024013996)

Consta no expediente número 2024013996, o informe do xefe do Servizo de Cooperación, de data 14/10/2025, que literalmente di como segue:

“

SERVIZO	Cooperación
Nº. EXPEDIENTE	2024013996
BENEFICIARIO	COMUNIDADE DE USUARIOS MANANCIAL DE AUGAS DE RESTEVELAS
PLAN/PROGRAMA	PROGRAMA + AQUA 2024 (BOPPO: 20/12/2023)
ASUNTO	MODIFICACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA
OBXECTO	MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE ABASTECIMENTO DO MANANTIAL DE RESTEVELAS

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

- Mediante o acordo número 10.35150 da Xunta de Goberno de data 02/05/2025 concedeuse unha subvención, ao abeiro do Programa +AQUA 2024, por importe de 10.000,00 euros á Comunidade de usuarios manancial de augas de Restevelas co obxecto do financiamento do investimento “Mellora das infraestruturas da Comunidade de abastecemento do manantial de Restevelas” (expediente: 2024013996), en base a un orzamento de 10.018,03 euros.
- Na data 07/10/2025, a Comunidade de usuarios manancial de augas de Restevelas presenta na sede electrónica da Deputación, con números de rexistro WEB2025069555 e WEB2025069843, instancia na que se expoñen as causas que motivan a modificación e a memoria técnica modificada da actuación mencionada no parágrafo anterior. A modificación non supón variación económica respecto do orzamento recollido na memoria inicial e, polo tanto, tampouco do importe subvencionado.
- Na memoria técnica modificada indícanse con claridade os traballos a realizar e motívase a necesidade do cambio, consistente na instalación dunha cuberta de pranchas tipo sandwich no lugar dunha cuberta de pranchas gran onda, debido ao mal estado da cuberta, evitando así filtracións, exceso de calor para os depósitos e tamén a acumulación de follaxe nas ondas. A Comunidade de usuarios asume a posible diferenza no custo da execución da obra.
- Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base décimo sétima do Programa +AQUA 2024, contando co informe de supervisión favorable da facultativa técnica do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases reguladoras do Programa +AQUA 2024
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Programa +AQUA 2024, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndenlle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª das de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 17ª do Programa +AQUA 2024, reguladora da modificación da resolución de concesión.

CONCLUSIÓNS

A Comunidade de usuarios manancial de augas de Restevelas presentou en prazo e forma a documentación necesaria para autorizar a modificación da memoria técnica correspondente a actuación “Mellora das infraestruturas da Comunidade de abastecemento do manancial de Restevelas” (expediente: 2024013996) e para a cal foi concedida, no marco do Programa +AQUA 2024 (BOPPO núm. 243 do 20/12/2023) unha subvención por importe de 10.000,00 euros sobre un orzamento de 10.018,03 euros.



A modificación consiste na instalación dunha cuberta de pranchas tipo sandwich no lugar da instalación prevista inicialmente, dunha cuberta de pranchas gran onda, debido ao mal estado da cuberta. A modificación non supón variación económica respecto do orzamento recollido na memoria inicial e, polo tanto, tampouco do importe subvencionado.

A documentación preséntase antes da finalización do prazo de execución previsto nas bases, non se altera a puntuación obtida pola Comunidade de usuarios por aplicación dos criterios de concesión, nin se prexudican dereitos de terceiros. Tampouco se varía o destino ou finalidade da subvención, tal e como se recolle na base reguladora décimo sétima “modificación da resolución de concesión”.

Visto que a facultativa técnica do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emitiu en data 13/10/2025, informe favorable de supervisión e control do documento descritivo das actuacións a levar a cabo (CSV: VAYSWFROD0ZISYSM).

Visto que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, **INFOFORMO FAVORABLEMENTE** a tramitación deste expediente e **PROPOÑO** que se autorice a modificación da memoria técnica do investimento “Mellora das infraestruturas da Comunidade de abastecemento do manantial de Restevelas” (expediente: 2024013996), que conta cun orzamento total de 10.018,03 euros.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno, por ser o órgano que no seu día aprobou a concesión das subvencións.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.”

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado e visto informe da Intervención provincial, de data 16/10/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a modificación da memoria técnica do investimento “*Mellora das infraestruturas da Comunidade de abastecemento do manantial de Restevelas*” da Comunidade de usuarios manancial de augas de Restevelas, no marco do Programa +AQUA 2024 (expediente 2024013996). A modificación non supón variación económica respecto do orzamento recollido na memoria inicial e, polo tanto, tampouco do importe subvencionado na Xunta de Goberno número 10.35150 de data 02/05/2025.



- Deixar en dispoñible no proxecto de gasto correspondente e na aplicación orzamentaria 25/942.4590.789.07.24 crédito por importe de 10.000,00 euros con destino á nova proposta de inversión que pretende acometer a Comunidade de usuarios manancial de augas de Restevelas (CIF: V36435337).
- Lembrar que a execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Programa +AQUA 2024 (BOPPO: 20/12/2023), aprobadas na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023 e á demais lexislación vixente de subvencións, así como que a obra deberá estar executada e xustificada a día 02/11/2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo á Comunidade de usuarios manancial de augas de Restevelas (CIF:V36435337), á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.35708.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2025067405 E 2025067444)

a) Vista a relación de operacións con número 2025067405 (CSV: GNMOMZUI56KYSIAF), que contén 22 operacións por un importe de 47.943,29€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	48.693,96€
IVE soportable deducible	25,56€
Retencións	776,23€
Total líquido	47.943,29€

b) Vista a relación de operacións con número 2025067444 (CSV: GXZED5NWFYP275UO), que contén 3 operacións por un importe de 2.549,50€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	2.549,50€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	2.549,50€



8.35709.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE. 2025068071)

Vista a relación de operacións con número 2025068071 (CSV: GLE4FR19VZQB1AA8), que contén 1 operación por un importe de 3.630,00€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.630,00€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	3.630,00€

9.35710.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN VICENTE E CANEDO, DENTRO DO PROGRAMA +XUNTAS 2025. (EXPTE.2024069042)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoién o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 22 de novembro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2025 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 241 de 12 de decembro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 11 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2025. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 60 solicitudes e a exclusión de 52 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación de Veciños de San Vicente e Canedo (Expediente 2025001246) presenta renuncia ao curso de arte floral.



Considerando que o órgano competente para a adxudicación das acción formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2025, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Quedar enterada da renuncia presentada pola Asociación de Veciños de San Vicente e Canedo (NIF: G36376374) e nº de expediente 2025001246.

10.35711.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE VECIÑAS E VECIÑOS AMEIXOA, DENTRO DO PROGRAMA +XUNTAS 2025. (EXPTE.2024069042)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoién o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 22 de novembro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2025 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 241 de 12 de decembro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 11 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2025. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 60 solicitudes e a exclusión de 52 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación de Veciñas e Veciños Ameixoa (Expediente 2025001227) presenta renuncia ao curso de iniciación ao patchwork.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das acción formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2025, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.



Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Quedar enterada da renuncia presentada pola Asociación de Veciñas e Veciños Ameixoa (NIF: G94151081) e nº de expediente 2025001227.

11.35712.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN FINCA NO CONCELLO DE A ESTRADA. (EXPTE. 2025005048)

Dada conta que con data de rexistro 21/01/2025 (rex. núm. 2025000907), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.^a M.^a Josefa Troitiño Porto, por danos nunha finca da súa propiedade, sita na parcela nº 342 do Polígono 2 da zona de concentración parcelaria de Pardemarín-Lamas, en San Breixo de Lamas, no Concello de A Estrada, que se veñen producindo desde o 20/10/2024, a consecuencia, segundo manifesta, dos traballos de remodelación da estrada provincial E.P. 7006 realizados ese ano.

Resultando.- Que a reclamante cuantifica economicamente os danos sufridos, na data de presentación da reclamación, en 1.972,52 € (prexuízo anual), correspondentes ás rendas susceptibles de producir atendendo ó uso agrícola e cultivos que na mesma se producen, e solicita a realización das actuacións necesarias para que deixen de producirse os anegamentos cada vez que chove.

Resultando.- Que xunto coa instancia, achega informe pericial de data 11/12/2024, realizado polo Enxeñeiro Técnico Forestal, D. Roberto Pereiras Guinarte (Colexiado nº 705 do Colexio Oficial da Enxeñería Forestal de Galicia), o cal recolle, entre outros, o que sigue:

DESCRIPCIÓN DEL OBJETO DEL INFORME:

“...Se trata de una parcela rústica de naturaleza agraria dedicada, en el momento de la visita de campo, a la producción de pasto forrajero.

Se accede a la misma por su viento sureste, a través de un paso desde la carretera E.P. 7006, con la que limita por su viento este.

La parcela se encuentra en un plano inferior respecto de la plataforma de la carretera.


Posee una ligera pendiente en dirección norte hacia el denominado Rego de Olives, el cual limita con la parcela por su viento norte.

Durante la visita de campo se observaron daños sobre el pasto forrajero como consecuencia de un aporte excesivo de agua.



Este agua vertida, por lo que se ha podido comprobar, es la directamente recogida, aguas arriba de la parcela, por la cuneta de la carretera E.P. 7006 SOL- PARDEMARÍN, en un tramo de 188 metros lineales y que, tras ser embocada en una tajea en la parte derecha de la carretera, atraviesa esta para verter directamente sobre la parcela 342, a través de un entubado de fibrocemento.

Se incorporan a continuación fotografías descriptivas:



Fotografía nº 1 Vista general de la parcela desde su viento sur en el que se aprecia la carretera en plano superior y el cultivo de la misma (pasto) con signos de daños.



Fotografía nº 2 Vista general de los daños por vertido de aguas sobre la parcela sobre el pasto implantado, observándose sedimentos depositados que impiden el crecimiento del mismo así como especies propias de zonas con alto nivel de humedad. Durante la visita se comprobó el alto contenido en humedad del suelo que impide el normal tránsito de maquinaria agrícola.



Como se ha explicado, las aguas se embocan a través de una tajea que atraviesa de derecha a izquierda de la carretera y que vierte directamente sobre la parcela.

Dicha tajea, de reciente construcción en el margen derecho, aprovecha un antiguo paso de agua existente para una traída de riego que daba servicio a parcelas a derecha e izquierda de la carretera para verter directamente el agua embocada sobre la parcela 342 en el margen izquierdo.

Se expone fotografía descriptiva de la salida de la misma sobre la parcela 342.



Fotografía nº 3 Vista general de la salida de la tajea sobre la parcela 342

En la entrada de dicha tajea, tras el reciente acondicionamiento llevado a cabo sobre la carretera E.P. 7006, se ha embocado un tramo de 188 metros de cuneta cementada que recoge el agua de pluviales de la misma.

Dicho emboque era inexistente previo a la reforma realizada y provoca que, sin existencia de filtración en todo su recorrido, esta agua recogida a lo largo de los 188 metros de cuenta llegue íntegra a la tajea y se vierta en su totalidad sobre la parcela, siendo especialmente significativo este vertido en épocas de lluvia.





Fotografía nº 3 Vista general de la entrada de la tajea en la parte opuesta de la carretera



Fotografía nº 4 Vista general del tramo de cuneta cementado más próximo a la entrada de la tajea



Croquis nº 1 Extracto del plano nº 1 en donde se observa en rojo el tramo de cuenta cementado de 188 metros que se emboca directamente en la tajea (Puntos de color blanco), así como en azul oscuro, al norte de la parcela, el Rego de Olives.
En cian se representa el canal de riego preexistente y que era el objeto del paso de agua bajo la carretera y sobre el que se ha construido la actual tajea en la cual ahora se emboca el agua de pluviales de la carretera.



Como se ha indicado, este paso subterráneo de agua estaba, históricamente, destinado a facilitar el tránsito de un canal de riego bajo la carretera E.P. 7006.

El acúmulo extra de caudal de pluviales, al encontrarse ahora embocada en el mismo tramo de 188 metros de cuneta cementada en su totalidad, con salida directa de los mismos hacia la parcela objeto de informe, causa inundación en épocas de lluvias de gran parte de la superficie de la misma, cifrada en dos mil doscientos ochenta y siete metros cuadrados (2287,00 m²) e impide su aprovechamiento agrícola como pastizal.

Si observamos las fotografías aéreas disponibles para la parcela en distintas épocas podemos ver como no existe canalización ni desvío de aguas procedentes de la carretera E.P. 7006 sobre la parcela 342, es decir, que las aguas pluviales procedentes de la cuneta derecha de la misma, se entiende, que seguían su curso por esa margen hasta acabar en el citado Rego de Olives o filtrarse en la superficie de los terrenos situados en ese margen derecho de la calzada.



Croquis nº 2 Representación de los elementos sobre fotografía aérea del Vuelo Americano de 1956, en la que se observa ausencia de vestigio alguno de derivación sobre la actual parcela 342.



Croquis nº 3 Representación de los elementos sobre ortofoto del PNOA del periodo 1997-2003, en la que se observa ausencia de vestigio alguno de derivación sobre la actual parcela 342





Croquis nº 4 Representación de los elementos sobre ortofoto del PNOA del período 2010, en la que se observa ausencia de vestigio alguno de derivación sobre la actual parcela 342



Croquis nº 5 Representación de los elementos sobre ortofoto del PNOA del período 2020, en la que se observa ausencia de vestigio alguno de derivación sobre la actual parcela 342

La representación sobre la ortofoto más reciente (2023) es la que se expone al Plano 1 de este informe.

Con esto finaliza la descripción de los fundamentos de la pericial.

(...)

CONCLUSIONES:

A la vista de los datos obtenidos durante la visita de campo y la documentación analizada en relación con los objetivos de la pericial se concluye que:


1. *Existe un gravamen sobre la parcela 36017F520003420000PO por vertido de aguas pluviales ocasionado por la recogida de estas desde la carretera E.P. 7006, a lo largo de un tramo de cuneta cementada de 188 metros, que discurren por el margen derecho de la misma, que se embocan en una tajea existente en ese mismo margen y que, a*



través de un entubado de fibrocemento que discurre por debajo de la calzada, vierte dicho contenido de pluviales directamente sobre la parcela 342 objeto de informe.

2. *La naturaleza de obra (cemento) de la cuneta sobre la que se recogen las pluviales de la calzada asfaltada hace que la filtración a lo largo del recorrido de 188 metros de recogida sea prácticamente nula, con lo que la totalidad del agua caída sobre la calzada, principalmente en épocas de lluvia, se vierte directamente sobre la parcela objeto del informe, tal y como se representa en el Plano 1 que acompaña esta memoria.*

PLANO 1:



3. *Este vertido sobre un terreno de natureza agrícola, cuyo suelo debe tener una consistencia que permita el normal acceso de la maquinaria destinada a las labores propias de la implantación, mantenimiento y recogida de los cultivos a los que se destina (pasto forrajero), así como unos valores de humedad que permitan el normal desarrollo de los mismos, grava el terreno de forma negativa al anegar una importante superficie del mismo, cifrada en dos mil doscientos ochenta y siete metros cuadrados (2287,00 m²).*
4. *Como consecuencia de lo expuesto en el punto anterior se han valorado los daños del perjuicio ocasionado sobre la parcela en 1972,54 €/año.*
5. *A fin de eliminar el gravamen que suponen estas pluviales sobre la parcela objeto de pericial, sería necesario restaurar la situación creada evitando la llegada de las pluviales recogidas de la carretera a la parcela 342.*

Resultando.- Que, á vista da instancia presentada, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación emitiu informe na data 19/02/2025 –o cal foi trasladado desde ese Servizo á reclamante- co seguinte contido:

PRIMEIRO.- As obras que se realizaron no ano 2024 na estrada consistiron simplemente en traballos de conservación propios da mesma, consistindo estes no formigonado dun tramo de cuneta en terras preexistente. A cuneta que xa existía era unha cuneta en terras con forma de V, simplemente se procedeu ó formigonado da cuneta cun perfil de cuneta tendida transitible (con menor sección) e se engadiu unha conducción para pluviais por debaixo da cuneta para compensar o cambio de sección en superficie. Polo tanto as augas pluviais xa transcorrían pola cuneta en terras e as pluviais xa cruzaban a estrada pola taxea, da mesma maneira que o seguen a facer na actualidade.

A obra de drenaxe transversal (taxea) non sufriu ningún tipo de modificación recente, polo tanto é completamente falso que a taxea sexa de recente construción tal e como se afirma en distintos puntos da reclamación. O único que se construíu foi unha arqueta xunto á taxea na marxe esquerda da estrada para facilitar as labores de limpeza da taxea preexistente e para manter a función de recollida das augas sen que desborden por enriba da estrada para poder garantir a seguridade viaria.

Tal e como se pode observar nas fotografías, a taxea é dunha construción en pedra moi antiga, mentres que a arqueta mantén a función de recollida das mesmas augas pluviais procedentes da cuneta (recibindo as pluviais, tanto en superficie como pola conducción) e recollendo tamén as augas do rego (dispúxose un tubo para manter o servizo de rego conectándoo á arqueta). Aclarar que a taxea vense utilizando tanto para o servizo de rego como para a conducción das augas pluviais da cuneta dende a construción da estrada fai moitísimos anos, polo que non se pode aducir ningún tipo cambio na súa función orixinal.

Polo tanto non se realizou ningún tipo de modificación nin no curso das augas pluviais nin no punto de descarga das mesmas cruzando baixo a estrada cara a súa marxe dereita. Unha vez as pluviais deixan a estrada, recorren a finca do reclamante tal e como o viñan facendo anteriormente por un canal de rego preexistente na finca privada con dirección cara o río. Este canal de rego é sensiblemente paralelo á estrada e discorre pola beira da finca, omitíndose a súa existencia previa na reclamación, de feito na foto aérea que se presenta como “croquis nº4” pódese observar o trazado do canal. Por outra parte tamén é falsa a afirmación de que as augas pluviais (antes das obras de formigonado da cuneta) seguían o seu curso pola marxe contraria da estrada, xa que sempre cruzaron a taxea cara a finca do reclamante.



A continuación xúntanse no informe fotografías coa respectiva explicación do recorrido secuencial das augas pluviais.



Foto da cuneta tendida de formigón substituíndo á cuneta en terras preexistente, a cal conduce as augas pluviais ata a taxea tal e como as conducía antes do formigonado da cuneta.



Foto da arqueta construída xunto a taxea preexistente que atravesa a estrada. Ata a arqueta seguen chegando as mesmas augas (as pluviais procedentes da cuneta e tamén as augas de rego)





Foto da arqueta construída xunto a taxea preexistente que atravesa a estrada, pódese observar o tubo de rego que se instalou para manter dito servizo



Foto da taxea preexistente que atravesa a estrada, a súa construción, tal e como se pode observar cos materiais de pedra cos que está feita, é moi antiga





Foto do canal en terras que xa atravesaba a finca privada á saída da taxea preexistente, conducindo as augas pluviais cara o río



Foto do canal en terras que xa atravesaba a finca privada á saída da taxea preexistente, conducindo as augas pluviais cara o río





Foto do canal en terras preexistente que xa atravesaba a finca privada á saída da taxea preexistente, conducindo as augas pluviais cara o río



Foto aérea procedente de Google Earth do mes de xullo do ano 2020 (marxe superior esquerda) na que se aprecia o canal en terras preexistente que xa atravesaba a finca privada discorrendo paralelo á estrada e conducindo as augas pluviais cara o río



SEGUNDO.- Dado que a Administración titular da estrada non modificou nin o curso das augas pluviais, nin o punto de vertido das mesmas, non procede por parte desta Administración nin a realización de obras adicionais nin o recoñecemento de ningún tipo de indemnización pola chegada de augas procedentes da choiva á finca, dado que a condución de pluviais pola cuneta ven sendo así dende a construción da estrada e non se produciu ningún tipo de alteración nese senso.

Por outra parte, debe recordarse que o mantemento da condución das augas pluviais na parcela privada ata un punto de vertido adecuado a un cauce público é unha obriga do propietario do terreo, debendo este realizar as actuacións necesarias para ilo. Compre indicar que segundo o artigo 38 da Lei 8/2013 de Estradas de Galicia, o incumprimento desta obriga ocasionaría a respectiva indemnización por danos e prexuízos:

“As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles están obrigadas a conservalos nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten ao adecuado funcionamento do servizo público viario, e deberán executar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables dos danos e prexuízos causados polo incumprimento desta obrigación.”

Así mesmo, o artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, indica que:

“Os predios inferiores están suxeitos a recibir as augas que naturalmente e sen obra do home descendan dos predios superiores, así como a terra ou pedra que arrastren no seu curso”.

César Paredes Rodríguez
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 20/03/2025, D.^a M.^a Josefa Troitiño Porto presenta escrito xunto co que acompaña alegacións ao informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, realizadas polo Enxeñeiro Técnico Forestal, D. Roberto Pereiras Guinarte, e que a continuación se reproducen:

Don Roberto Pereiras Guinarte, Ingeniero Técnico Forestal, colegiado número 705 del Colegio de la Ingeniería Forestal de Galicia, con domicilio profesional en la Rúa da República Checa, 52 – Edificio Cadoiro, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña, en relación con lo manifestado en el escrito con destinatario María Josefa Troitiño Porto, expediente 2025003692, procedente de la Deputación de Pontevedra, expone:

- 1. Tal y como cita literal el informe recibido en su punto Primero: “...consistiendo éstos no formigonado dun tramo de cuneta en terras preexistente. A cuneta que xa existía era unha cuneta en terras en forma de V, simplemente se procedeu ó formigonado...”, se admiten las obras de hormigonado de la cuneta preexistente en tierra y, por tanto, es una realidad el acúmulo extra de caudal de pluviales que se produce con las obras realizadas, acúmulo extra que presenta salida directa a la parcela objeto del informe tal y como se expone en el informe de parte por mí elaborado.*



2. *Se afirma en el mismo punto que "...a obra de drenaxe transversal (taxea) non sufriu ningún tipo de modificación recente, polo tanto é completamente falso que a taxea sexa de recente construción...", afirma además que "... O único que se construíu foi unha arqueta xunto á taxea...", indicando que su función es "... facilitar as labores de limpeza da taxea preexistente e para manter a función de recollida das augas sen que desborden por enriba da estrada para poder garantir a seguridade viaria".*

Lo que tergiversa el contenido del informe de parte elaborado por mí, ya que, tan sólo en dos ocasiones se hace referencia al adjetivo "reciente" y que son:

- a) *En los antecedentes, donde se realiza una exposición de los motivos que dan objeto al informe y que comúnmente son expuestos por los peticionarios, tal y como resulta en este caso en el que se hace una exposición de lo manifestado.*
- b) *En el punto 2.2 donde literalmente se dice "Dicha tajea, de reciente construcción en el margen derecho, aprovecha un antiguo paso de agua existente para una traída de riego que daba servicio a parcelas a derecha e izquierda de la carretera para verter directamente el agua embocada sobre la parcela 342 en el margen izquierdo"*

por lo que en ningún caso se afirma que la totalidad de la tajea sea de reciente construcción. En el resto del informe, donde se desarrollan los criterios técnicos, en ningún momento se afirma tal, lo que se dice es que la naturaleza de la tajea se ha modificado con las obras recientes pasando de ser un servicio para el cruzamiento de la calzada de un canal de riego, a servir ahora, con la construcción de una arqueta, a realizar la función del tránsito de pluviales.

El uso de la arqueta se justifica "para manter a función de recollida das augas sen que desborden por enriba da estrada para poder garantir a seguridade viaria", obviando que si no hubiese interrumpido el transito de las pluviales por ese margen de la carretera no sería necesaria dicha arqueta.

3. *Afirma además "a taxea vense utilizando tanto para servizo de rego como para a conducción das augas pluviais dende a construción da estrada..."*

Admite el informe recibido la existencia del canal de riego que se describe en el informe de parte el cual justifica la existencia del cruzamiento por debajo de la calzada.

4. *Indica en este punto primero al efecto de conducción de las aguas por la finca del peticionario del informe que "...Unha vez as pluviais deixan a estrada, recorren a finca do reclamante tal e como viñan facendo anteriormente por un canal de rego preexistente na finca privada con dirección cara o río. Este canal de rego é sensiblemente paralelo á estrada e discorre pola beira da finca, omitíndose a súa existencia previa na reclamación, de feito na foto aérea que se presenta como "croquis 4" pódese observar o trazado do canal..."*

El propio informe remitido admite que sobre la parcela del peticionario existe un canal de riego, no una cuneta o conducción de pluviales, sino que tal y como afirma en varias ocasiones y así lo refiere es un simple canal de riego. Dicho canal es lo que se define comúnmente como una "presa". Tal y como se aprecia en las propias fotografías del informe recibido, así como en el informe de parte presentado, tiene unas dimensiones reducidas (apenas 30 cm de



ancho por otros tantos de fondo), es decir, es un canal construido manualmente para el riego de la propia parcela, que de ningún modo está capacitado para albergar el caudal de pluviales procedente de 188 metros de cuneta hormigonada recogidos en una tajea y mucho menos llevarlos hasta el río situado más abajo.

Se llega incluso a afirmar que se “omite su existencia previa en la reclamación” teniendo que oponerme a esta afirmación por resultar totalmente falsa.

En el informe de parte emitido, al igual que en el realizado por el técnico de la Diputación, se consideró esta “presa” como lo que es, un canal de riego para la propia parcela, por lo que técnicamente era imposible que dicho canal tuviese la función de recogida de pluviales y transporte a lo largo de la finca del peticionario hasta el río, ya que ni por dimensiones, ni por ubicación era posible darle tal uso. Por tanto, siendo el objeto del informe determinar la existencia de vertido de pluviales previa a las obras referidas sobre la parcela del peticionario, dicho canal de riego no se consideró como una cuneta capaz de albergar la derivación de pluviales, categoría que parece adjudicarle el informe recibido.

5. Por último, realiza la afirmación de que “.. é falsa a afirmación de que as augas pluviais (antes das obras de formigonado da cuneta) seguían o seu curso pola marxe contraria da estrada, xa que sempre cruzaron a taxea cara a finca do reclamante...”

Este perito, a la vista del análisis de las fotografías aéreas existentes, no puede más que reafirmarse en su conclusión de que, a la vista de las mismas, la parcela del peticionario no recibía más que el agua procedente del canal de riego preexistente, la cual tras atravesar la calzada, sí empleaba el canal de riego que reconoce el informe remitido, pero en ningún caso presenta signos de un aporte continuado de pluviales durante años, ya que dicho aporte año tras año, en condiciones de lluvia como las que hay en la zona habrían inhabilitado la parcela para su uso agrícola, hecho que no ha ocurrido hasta la ejecución de las actuales obras referidas. Mientras, es significativo, en el margen derecho de la calzada, la existencia de una franja de vegetación más oscura propia de la existencia de una franja húmeda, con total seguridad derivada de las pluviales de la cuneta, cuya traza natural es desembocar en ese margen sin atravesar la calzada.

Resultando.- Que con data 02/10/2025, e ó efecto de resolver o procedemento, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación para que á vista das alegacións realizadas pola reclamante, ratificara ou rectificara o informado.

Resultando.- Que con data 03/10/2025, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe complementario co seguinte contido:

En relación ó escrito de alegacións ó informe emitido dende este Servizo, o alegado non supón ningunha argumentación nova significativa que poida distorsionar ou variar o xa informado en data 19/02/2025 (CSV: 83QY83BIK3VT5RWT), polo que me remito ó xa informado no mesmo. Unicamente cabe mencionar as seguintes aclaracións en relación ás alegacións, aclaracións que ratifican todo o informado inicialmente:

O trazado do canal de rego preexistente que segue mantendo a mesma función de conducción das augas pluviais pola parcela de xeito paralelo á estrada ata chegar á súa descarga no río, ó cal se refíre o informe emitido, é outro diferente ó que menciona o reclamante, xa que o mencionado polo reclamante tería unha aliñación que formaría un ángulo de aproximadamente 90° co anterior.



Na foto aérea do ano 2010 do escrito inicial obxecto da reclamación coa denominación “croquis nº4” pódese observar na propia cartografía o trazado da condución aberta en terras ó que se está a referir o funcionario que subscribe, a cal é paralela á estrada discorrendo polo pé do terraplén, en contraposición ó canal ó que se refire a reclamación que aparece pintado sobre a cartografía en cor cián.

A condución aberta en terras, independentemente da súa denominación literal como canal de rego no informe, ten a función inequívoca de condución das augas pluviais da estrada cara o río. Tecnicamente non é posible que dita condución puidese servir para regar a finca dado que a auga, ó circular por gravidade, non podería remontar dende a condución cara as partes lindoiras da parcela que están sensiblemente máis altas que a condución, o cal é obvio á vista da propia topografía da mesma. A finca unicamente podería regarse dende un canal como o que está pintado en cor cián que discorrese pola parte máis alta da finca.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no relativo ó prazo para resolver, e iso debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detención material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que semellan eximila de responsabilidade:

- As obras realizadas na estrada consistiron en traballos de conservación tales como o formigonado dun tramo de cuneta, en terras, preexistente.
- Trátase dunha cuneta en terras con forma de V, procedéndose simplemente ó formigonado da mesma cun perfil de cuneta tendida transitábel (con menor sección).
- As augas pluviais xa transcorrían pola cuneta en terras e xa cruzaban a estrada pola taxea, da mesma maneira que o seguen a facer na actualidade.
- A obra de drenaxe transversal (taxea) non sufriu ningún tipo de modificación recente.
- O único que se construíu foi unha arqueta na marxe esquerda da estrada para facilitar as labores de limpeza da taxea preexistente e para manter a función de recollida das augas sen que desborden por riba da estrada para poder garantir a seguridade viaria.



- A taxea é dunha construción en pedra moi antiga, mentres que a arqueta mantén a función de recollida das mesmas augas pluviais procedentes da cuneta e recollendo tamén as augas do rego.
- A taxea vense utilizando, tanto para o servizo de rego como para a condución das augas pluviais da cuneta, dende a construción da estrada fai moitísimos anos, polo que non se pode aducir ningún tipo de cambio na súa función orixinal.
- Non se realizou ningún tipo de modificación nin no curso das augas pluviais nin no punto de descarga das mesmas, que cruzan baixo a estrada cara a súa marxe dereita e unha vez deixan a estrada, recorren a finca do reclamante tal e como o viñan facendo anteriormente por un canal de rego preexistente con dirección ó río.
- Non se modificou o curso das augas pluviais nin o punto de vertido das mesmas, polo que non procede por parte desta Administración nin a realización de obras adicionais nin o recoñecemento de ningún tipo de indemnización pola chegada de augas procedentes da choiva á finca, dado que a condución de pluviais pola cuneta ven sendo así dende a construción da estrada e non se produciu ningún tipo de alteración nese senso.
- Que o nome do lugar no que se ubica a parcela, Veiga de Abaixo, xa indica que se atopa nun plano inferior e que polas súas propias condicións naturais está suxeita a recibir as augas dos predios superiores.

Considerando.- Que o mantemento da condución das augas pluviais na parcela privada ata un punto de vertido adecuado a un cauce público é unha obriga do propietario do terreo, debendo este realizar as actuacións necesarias neste senso, dando lugar o incumprimento desta obriga á respectiva indemnización por danos e prexuízos que recolle o artigo 38 da Lei 8/2013 de Estradas de Galicia.

Considerando.- Que o xa citado artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, establece que os predios inferiores están suxeitos a recibir as augas que naturalmente e sen obra do home descendan dos predios superiores.

Considerando.- Que tramitados procedementos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, ó considerarse suficiente a rede de drenaxe de pluviais; e que atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que en supostos similares, os Xulgados desestimaron os recursos presentados: a Sentenza 133/2021, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de O Porriño, de 13/07/2021, en Autos de Procedemento Ordinario 0000357/2019, e a Sentenza 187/2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditos precedentes obran na Asesoría Xurídica da Deputación) nos que, exonerando á Deputación da reclamación económica, veuse dicir, respectivamente, que é preciso acreditar a disfuncionalidade da infraestrutura para poder atribuír os danos á Administración -na primeira delas- e que é necesario acreditar cabalmente os danos e prexuízos e establecer unha relación de causalidade indubitada entre reclamante e reclamado -na segunda- que, obxectivamente, non se aprecia no presente suposto.



Considerando.- Que a Sentenza 218/2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, desestima a demanda contra a Deputación por danos nunha finca a consecuencia das augas pluviais provenientes da estrada provincial dada a insuficiencia probatoria da imputabilidade do dano ó funcionamento do servizo público da Deputación, ao producirse as inundacións en momentos puntuais de fortes choivas.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

12.35713.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓNS NO CONCELLO DE VIGO (EXPTE. 2025035596)

Dada conta que con data 19/05/2025, recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.^a Lucía Gómez Araújo en representación de D.^a Olga Ballesteros Rey, por lesións producidas o día 01/11/2024, por mor dunha caída a consecuencia dunha baldosa levantada e en mal estado na beirarrúa da estrada Avenida da Ponte nº 81, no Concello de Vigo, e que foi cuantificada economicamente en 17.169,13 €.

Resultando.- Que na citada instancia, manifesta a reclamante que a Policía Local de Vigo acudiu ó lugar dos feitos, levantando atestado e realizando fotografías.

Resultando.- Que con data 07/07/2025, e de conformidade co establecido no artigo 141.1 c) da Lei 40/2015, relativo ó deber de colaboración entre as Administracións Públicas, solicitouse á Policía Local de Vigo o informe elaborado e as fotografías realizadas, remitindo o mesmo na data 15/07/2025, co seguinte contido:

Por medio del presente en relación al expediente de referencia por el que interesa lo redactado en el servicio SE873646, sobre los hechos ocurridos el pasado 1 de noviembre de 2024, sobre las 10:29 horas. Servicio realizado por los agentes 294069 y 294583, asistiendo a María Olga Ballesteros Rey, DNI 36052225R. Por lo que se transcribe literalmente:

“LUGAR DE DESTINO:

Subida cementerio Puxeiros 57, Avda del Puente - Vigo - Pontevedra – España.



DESCRIPCIÓN:

Caída en vía pública de señora de 67 años , con heridas en lado izquierdo de la cara, corte ceja izquierda, rasguños y magulladuras en rodilla izquierda y rasguños de menor importancia en la rodilla derecha.

RESOLUCIÓN:

María Olga Ballesteros Rey, DNI 36052225r. Atendida en el lugar por la ambulancia con indicativo A839 de O Porriño. Evacuada a centro hospitalario Álvaro Cunqueiro por corte profundo en parte superior de la ceja izquierda. Preguntada si es consciente de haber tropezado con la baldosa manifiesta que no está completamente segura de si tropezó con dicha baldosa y de sin fue está la causante de dicha caída. Se le informa a la señora del procedimiento a seguir. Domicilio de la persona perjudicada calle Ramón Nieto número 57 a, piso séptimo B.”





Lo cual se pone en su conocimiento a los efectos oportunos.

Resultando.- Que con data 21/07/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 08/10/2025, co seguinte contido literal:

“A localización indicada, AVENIDA DA PONTE N° 81, atópase nunha estrada de titularidade municipal e fóra da zona de afección das estradas provinciais, polo que esta Deputación non é o organismo competente”.

M.^a Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro _____

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.



Considerando.- Que o teor do informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais impide entrar a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque podrá resolver la inadmisión de las solicitudes (...) manifestamente carentes de fundamento”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

13.35714.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA ANDURIÑA (CONCELLO DE VIGO) CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, DE 12 DE SETEMBRO DE 2025, POLO QUE SE DESESTIMOU A SÚA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NO MARCO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2025. (EXPTE. 2025046932).

Dada conta do recurso de reposición interposto por D. José Antonio de Jesús Rodríguez Pérez, en representación da Asociación Coral Polifónica Anduriña de Vigo, fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 12 de setembro de 2025, polo que se desestimou a súa solicitude de subvención presentada para o *“XVIII Festival de Canto Coral e de Habaneras de Coruxo”*, no marco da convocatoria de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025.

Visto o informe emitido o 17 de outubro de 2025 polo Xefe do Servizo de Cultura, centro xestor responsable da instrución do procedemento, co seguinte teor literal:

“... ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. No BOPPO núm. 87, de 9 de maio de 2025, publicanse as bases de “Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025”, que foron aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o 2 de maio de 2025, e para as que o prazo de presentación remataba o 9 de xuño de 2025.



Segundo. A Asociación Coral Polifónica Anduriña presentou a súa solicitude o 9 de xuño de 2025, número de rexistro 2025044350, para levar a cabo o “XVIII Festival de Canto Coral e Habaneras de Coruxo” con cargo á mencionada convocatoria.

Terceiro. Á vista da documentación presentada polo interesado, con data 24/07/2025 requíreselle para que no prazo de dez días hábiles subsane a súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación co artigo 23.5 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Dito requirimento recíbeo D. José Antonio de Jesús Rodríguez Pérez o 01/07/2025 polo que o prazo de subsanación da documentación remataba o 16/07/2025.

Cuarto. Con data 17/07/2025 a entidade de referencia presenta a documentación complementaria, polo que a Comisión de Valoración propón que non procede conceder a subvención xa que está fóra de prazo.

Quinto. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión celebrada o 12 de setembro de 2025, acorda desestimar a solicitude de subvención da Asociación Coral Polifónica Anduriña para o “XVIII Festival de Canto Coral e Habaneras de Coruxo” ao non atender o requirimento en prazo; dita desestimación notifícaselle ao interesado o 24/09/2025.

Sexto. O 7 de outubro de 2025 a Asociación Coral Polifónica Anduriña presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra recurso de reposición contra dita desestimación, no que alegan unha serie de cuestións que serán tratadas nos fundamentos xurídicos deste informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O recurso de reposición é interposto por D. José Antonio de Jesús Rodríguez Pérez, como representante da Asociación Coral Polifónica Anduriña, persoa lexitimada para iso como interesado no procedemento.

Segundo. De acordo co establecido nos artigos 123.1 e 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase.

O prazo de interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto é expreso; transcorrido este prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes.

Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo o dito recurso.

No presente expediente, o recurso de reposición foi interposto contra o acordo da Xunta de Goberno, adoptado na sesión que tivo lugar o 12 de setembro de 2025, polo que se desestimaba a solicitude de subvención da Asociación Coral Polifónica Anduriña para o “XVIII Festival de canto coral e habaneras de Coruxo”.

Tendo en conta que a desestimación da solicitude recíbea D. José Antonio de Jesús Rodríguez Pérez o 24/09/2025 e que o recurso o presentan o 07/10/2025, conclúese que este foi presentado en prazo.

Terceiro. O recurso de reposición, no que solicitan a anulación do acordo recorrido e a concesión da subvención obxecto deste expediente, basease nos seguintes argumentos:

“1º.- Para a valoración das datas de non contestar, non indican cales foron as mesmas para poder cumprir cos trámites en regra.



2º.- Esta Asociación durante varios días, quixo presentar por sede electrónica, en liña, a documentación solicitada e non foi posible, ao non deixar que dita documentación fose á páxina de sede electrónica e só á páxina do borrador, onde quedaron gravadas, ditas incidencias. “

Cuarto. Entrando no fondo do asunto, o requirimento feito desde a Deputación para a subsanación da instancia inicialmente presentada pola Asociación Coral Polifónica Anduriña, notifícase a D. José Antonio de Jesús Rodríguez Pérez o 24 de xuño de 2025, e o interesado accede a dito requirimento o 01 de xullo de 2025 polo que o prazo de presentación da documentación remataba o 16 de xullo de 2025; sen embargo, non é ata o 17 de xullo de 2025 cando a entidade de referencia presenta no Rexistro xeral a documentación complementaria, polo que a mesma se aportou fóra de prazo e non procedía conceder a subvención. En relación co anterior, sinalar que o artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, a do procedemento administrativo común das administracións públicas é concluínte cando reflicte que “Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66, e, no seu caso, os que sinala o artigo 67 ou outros esixidos pola lexislación específica aplicable, requiriráselle ao interesado para que nun prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que no caso de non facelo se terá por desistido da súa solicitude”, tal e como aconteceu coa solicitude de subvención presentada pola Asociación Coral Polifónica Anduriña.

Neste punto é necesario lembrar que os termos e prazos establecidos nas bases da convocatoria obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nos mesmos (art. 29 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

En canto ás alegacións relativas aos problemas técnicos na sede electrónica, as mesmas tamén deben ser desestimadas en base ao informe emitido o 16 de outubro de 2025 polo servizo de Novas Tecnoloxías que sinala o seguinte:

“ANTECEDENTES

Por solicitude do Servizo de Cultura, requírese informe deste Servizo de Novas Tecnoloxías relativo ao funcionamento da sede electrónica da Deputación os días 15 e 16 de xullo de 2025, co fin de determinar se se produciron incidencias ou interrupcións no seu funcionamento.

ANÁLISE REALIZADA

Procedeuse á revisión dos rexistros de funcionamento da sede electrónica e dos sistemas asociados ao servizo durante as datas indicadas.

Da revisión efectuada non constan cortes programados nin incidencias técnicas que afectasen ao servizo durante os días 15 e 16 de xullo de 2025.

Así mesmo, de acordo coa documentación achegada polo Servizo de Cultura, obsérvase que o borrador da solicitude se creou o 15/07/2025 ás 20:53 horas. Nese borrador apréciase claramente que o sistema non permite completar o rexistro da solicitude por faltar o campo obrigatorio “TIPO” (tipo de enderezo).

Por outra banda, comprobouse no aplicativo de xestión de expedientes que existen dous rexistros de solicitudes correctamente presentadas o mesmo día 15/07/2025, un con data de presentación as 20:41 e outro con data de presentación as 21:17, o que confirma que a sede electrónica estivo operativa e prestando servizo con normalidade durante o intervalo no que se tentou o rexistro do borrador mencionado.

INFORME

Á vista das comprobacións realizadas, este Servizo informa que a sede electrónica funcionou correctamente os días 15 e 16 de xullo de 2025, non existindo constancia de incidencias técnicas nin cortes programados que afectasen á súa dispoñibilidade ou correcto funcionamento”



Quinto. De conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o órgano competente para a resolución do presente recurso será o mesmo que ditou o acto obxecto do mesmo, é dicir, a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓN

Á vista do anterior, propónse desestimar do recurso de reposición presentado por D. José Antonio de Jesús Rodríguez Pérez, en representación da Asociación Coral Polifónica Anduriña, fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 12 de setembro de 2025, polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención para o “XVIII Festival de canto coral y de habaneras de Coruxo”, nos termos expostos nos fundamentos xurídicos deste informe.”

De acordo co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma, tal e como acontece no presente expediente respecto do informe do Xefe do Servizo de Cultura anteriormente transcrito cuxo contido se acepta na súa integridade.

Conforme ao sinalado no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o órgano competente para a resolución do presente recurso é a Xunta de Goberno.

Vistos os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar conformidade ao informe do Xefe do Servizo de Cultura transcrito anteriormente e desestimar o recurso de reposición interposto por D. José Antonio de Jesús Rodríguez Pérez, en representación da Asociación Coral Polifónica Anduriña, fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 12 de setembro de 2025, polo que se desestimou a súa solicitude de subvención presentada para o “XVIII Festival de Canto Coral e de Habaneras de Coruxo”, no marco da convocatoria de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025.

14.35715.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA LEGALIZACIÓN DAS TRAÍDAS DE AUGAS VECIÑAIS (PROGRAMA +NOVAQUA 2025). (EXPTE. 2024079745)

Co obxecto de cumprir o disposto no acordo número 3.8492 do 30/09/2025 do Pleno da Corporación Provincial para suplementar o crédito destinado ao financiamento do Programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (Programa +NOVAQUA 2025) ata un total de corenta mil euros (40.000,00€), imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.489.07, e con elo dar mellor cumprimento ós obxectivos do programa, tendo en conta que ao verse afectados bens esenciais de consumo humano cuxa demora na prestación da acción de fomento afectaría negativamente á calidade dun servizo básico para a veciñanza, propónse a tramitación da modificación das bases para incrementar o crédito dispoñible en beneficio das entidades que cumpran todos os requisitos de subvencionabilidade sinalados na convocatoria.



En consecuencia, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos tamén os informes da xefatura do servizo de Cooperación de data 06/10/2025, o informe da Intervención provincial de data 14/10/2025, desfavorable pero non suspensivo, e o informe complementario xustificativo da procedencia do incremento de crédito orzamentario do programa da xefatura do servizo de Cooperación de data 20/10/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a modificación da base quinta do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da Provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +NOVAQUA 2025) – Expediente: 2024079745 da maneira que segue:

- “A contía desta convocatoria de axudas ascende a trescentos corenta mil euros (340.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.489.07, para gastos correntes”.

2º.- Aprobar a modificación da base décimo terceira do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da Provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +NOVAQUA 2025) – Expediente: 2024079745 da maneira que segue:

- As actuacións deberán estar executadas na súa totalidade o 31 de decembro de 2025 e xustificadas, a máis tardar, o 31 de marzo de 2026. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que queden en lista de agarda e que se concedan posteriormente, non sendo posible a concesión de novas subvencións para as solicitudes en lista de agarda máis alá do 1 de decembro de 2025.”

3º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

15.35716.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DE ESTUDOS PARA O CURSO 2025-2026. (EXPTE. 2025069205)

De conformidade co indicado no artigo 68 do V Acordo Regulador para o persoal funcionario e artigo 81 do I Convenio Colectivo para persoal laboral desta Deputación Provincial, a Xunta de Goberno, tendo en conta o informe favorable de Intervención de data 21 de outubro de 2025, aproba por unanimidade a convocatoria e as bases reguladoras das axudas de estudos correspondentes ó curso académico 2025-2026, elaboradas pola Comisión Paritaria Mixta en desenvolvemento do previsto nos referidos artigos, e que comprende as seguintes:

1. Bases de axudas de estudos a funcionarios/as, con código CSV: FWY4HOTH6BDH3GMC
2. Bases de axudas de estudos universitarios a fillos/as de funcionarios/as de carreira ou laborais fixos, con código CSV: GDABUKOLX2D4KH69
3. Bases de axudas de estudos non universitarios a fillos/as de funcionarios/as de carreira ou laborais fixos, con código CSV: FCZPPKNFRESW0BOF



As axudas obxecto da presente convocatoria concederanse con cargo á consignación económica contemplada na aplicación orzamentaria 921.3260.481.01, e conforme á táboa de módulos que se establece en función dos estudos cursados polas persoas interesadas e os grupos de clasificación do/a titular beneficiario/a das axudas.

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE ESTUDOS A FUNCIONARIOS CURSO 2025-2026

De conformidade con disposto no V Acordo Regulador para persoal funcionario e I Convenio Colectivo para persoal laboral da Deputación de Pontevedra, as axudas de estudo a funcionarios/as de carreira e o persoal laboral fixo para o curso 2025-2026, se rexerán polas seguintes:

BASES

1.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as das axudas de estudos os funcionarios/as de carreira e o persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Pontevedra que se encontre en servizo activo antes da finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Quedaran excluídos das resinadas axudas o persoal eventual, os funcionarios/as interinos, os bolseiros e os contratados temporais.

2.- ESTUDOS

Estas axudas, que se outorgarán para a realización de estudos en Centros ou Institucións docentes oficiais ou homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), ou pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como para estudos realizados no estranxeiro que estean homologados, clasifícanse da seguinte forma:

- a) Estudos universitarios superiores, cursos de posgrao, doutorados, cursos de práctica xurídica ou másters. Tamén os estudos realizados na Universidade Nacional a Distancia (UNED).
- b) Estudos medios e superiores de Formación Profesional, así como da Escola Oficial de Idiomas.

3.- INCOMPATIBILIDADES

3.1. INCOMPATIBILIDADES: As devanditas axudas de estudo serán incompatibles con calquera outra concedida por institucións públicas ou privadas, bolsa de estudos, etc., salvo o sinalado no apartado 3.2 destas bases, incorrendo en responsabilidades legais os que faltasen á verdade na declaración que emitan a este respecto.

Cando se soliciten axudas para cursar distintos estudos, tramitarase a de maior contía.

3.2. COMPATIBILIDADES: Nos casos de exención de matrícula por expediente académico ou por violencia de xénero ou pola condición de familia numerosa ou monoparental, independentemente da contía da exención de taxas académicas, aboarase por esta Deputación Provincial o importe da axuda de estudos



que corresponda segundo estas bases, previa xustificación de tal condición, xa que no primeiro caso prémíase o especial rendemento do alumno/a, e no segundo caso séguense as pautas marcadas polo MEC no outorgamento de bolsas de estudo, en canto aos beneficios que deben recoñecerse ás familias de tal categoría por mor das súas maiores cargas económicas.

Non se aboarán estas axudas de estudos nos demais casos de exencións de matrícula.

3.3. BONIFICACIÓNS: Nos casos de ser beneficiario do sistema de bonificacións dos prezos públicos financiados pola Administración da Comunidade Autónoma na que se cursan os estudos, aboarase unicamente o 50% do importe que se detalla na táboa de módulos segundo o grupo de clasificación do funcionario.

4.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS:

Por cursar estudos contemplados no apartado 2.a) aboarase ó 50% do custo da matrícula e de efectuarse en Centros ou Universidades Privadas, a mesma porcentaxe equivalente a unha carreira ou materia similar dun Centro Público en provincia da Comunidade Autónoma. Á resultante cantidade, sumarase unha axuda económica en función dos estudos cursados polos interesados e dos seus respectivos grupos de clasificación profesional.

Por cursar estudos contemplados no apartado 2.b) aboarase unha axuda económica en función do grado medio ou superior dos estudos de Formación Profesional cursados polos interesados e dos seus respectivos grupos de clasificación profesional.

Neste senso, por unha banda e en atención aos parágrafos anteriores, establécese a seguinte táboa:

ESTUDOS/GRUPOS FUNCIONARIOS/AS	A1	A2	C1	C2	E
Cursos Universitarios Superiores, Posgraos, Doutorados e Másters, cursos de práctica xurídica	85,50 €	95,00 €	104,50 €	114,00 €	123,50 €
Cursos Superiores de Formación Profesional	51,30 €	57,00 €	62,70 €	68,40 €	74,10 €
Cursos Medios de Formación Profesional cursos da Escola Oficial de Idiomas	34,20 €	38,00 €	41,80 €	45,60 €	49,40 €
Por cada sobresaliente ou matrícula de honra nunha disciplina de estudos universitarios ou de FP medios ou superiores no curso académico 2024-2025 (incluída UNED) (cun máximo de 85,50 €). Finalizados os estudos, o abono desta cantidade quedará supeditada á existencia de consignación orzamentaria					28,50 €

Nos casos de bonificación de matrícula, aboarase o 50% do importe da táboa de módulos.

E por outra banda, para a concesión destas axudas de estudo, ademais da referida táboa, teranse en conta as seguintes puntualizacións:

A. En todo caso, o importe da axuda non poderá superar os 800,00 €.



- B. No caso de renuncia á axuda solicitada no seu día, deberá polo interesado/a presentarse escrito de renuncia no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial.
- C. Cando se leve a cabo unha modificación da matrícula, será preciso en todo caso, presentar o correspondente certificado de matrícula onde conste o cambio realizado.
- D. Cando o abono dos estudos por parte do funcionario/a ou do persoal laboral fixo estea sometido a un sistema de pagos aprazados por mensualidades ou calquera outra forma de fraccionamento, unha vez concluído o pago de tódalas cantidades diferidas, o interesado/a deberá presentar toda a documentación acreditativa do abono dos correspondentes recibos ou cotas antes do 1 de agosto de 2026. De non xustificarse esta cantidade deberá reintegrar, antes da finalización do curso académico, o importe indebidamente percibido.
- E. Cando se lles denegue unha bolsa de estudos solicitada ao Ministerio de Educación e Ciencia, deberán presentar copia da notificación da denegación, folla de matrícula onde conste a cantidade a abonar á Universidade e recibo do pago total realizado.
- F. No suposto de que o funcionario/a ou persoal laboral fixo beneficiario/a destas axudas curse estudos nun Centro Privado, deberá xustificar que é un Centro homologado ou que os estudos que nel se cursan o son.

No caso de ter unha bonificación de matrícula aboarase o 50% do pagamento efectivamente realizado pola persoa funcionaria ou traballadora, sen prexuízo da cantidade que lle corresponda segundo o grupo de clasificación.

5.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes das presentes axudas de estudos poderán presentarse en modelo oficial, debidamente cumprimentado, na sede electrónica da Deputación, ata o 30 de novembro de 2025, este incluído. Xunto coas solicitudes deberán achegar, segundo o caso, a seguinte documentación en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada:

- a) Estudos universitarios superiores, cursos de posgrado, doutorados, cursos de práctica xurídica, másters e estudos realizados na Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED):
 - Certificado que acredite curso completo ou folla de matrícula onde consten as materias que se vaian a cursar ou a súa exención.
 - Xustificante do pagamento da matrícula completa ou do primeiro pago fraccionado.
- b) Estudos medios ou superiores de Formación Profesional e da Escola Oficial de Idiomas:
 - Certificado que acredite curso completo ou folla de matrícula onde consten as materias que se vaian a cursar ou a súa exención.
 - No caso de Centros de Formación Profesional Privados de carácter homologado, xustificante do pagamento da matrícula completa ou do primeiro pago fraccionado.

En ambas categorías a) e b), as solicitudes de axuda de estudos que correspondan a casos de ampliación de matrícula ou de nova matrícula formalizada con posterioridade ao prazo sinalado nestas bases para a presentación de instancias, incluíranse no expediente de axudas do ano seguinte, condicionadas á existencia de consignación orzamentaria.

A condición de familia numerosa e monoparental acreditarase co copia compulsada do libro de familia



Os casos de violencia de xénero xustificaranse con copia compulsada da sentenza xudicial firme ou acreditación desta situación polos organismos, recursos e servizos autonómicos competentes.

6.- REVISIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA

Finalizado o prazo de presentación de instancias, o Servizo de RRHH e Formación comprobará as solicitudes presentadas, e requirirá, no seu caso, as persoas interesadas para que aporten a documentación esixida, se está incompleta, ou emenden o erros detectados, no prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción dese escrito, con indicación de que, de non facelo, terase por desistida da súa petición.

2. O requirimento será notificado electrónicamente a través da dirección de correo indicada na solicitude.

3. O prazo máximo de resolución da concesión deste tipo de axudas será de 12 meses contados a partir da data de presentación da solicitude no rexistro xeral da Deputación.

7.- DOTACIÓN ECONÓMICA

De conformidade co establecido no V Acordo Regulador e I Convenio Colectivo, estas axudas de estudos imputaranse á aplicación orzamentaria 921.3260.481.01

Por outra banda, en aplicación do previsto no artigo 147 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, as cantidades que se aboan en concepto de axudas de estudos serán incluídas na base de cotización á seguridade social, estando excluídas as axudas destinadas á formación do persoal.

8.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

En canto a concesión das presentes axudas de estudos é preciso sinalar que calquera dúbida que poida xurdir na interpretación das súas bases reguladoras e na súa aplicación, resolverase na Comisión Paritaria Mixta.

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS CURSO 2025-2026

De conformidade co disposto no V Acordo Regulador para persoal funcionario e no I Convenio Colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial de Pontevedra, as axudas de estudos universitarios para o curso 2025-2026, se rexerán polas seguintes,

“BASES”

1.-BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as desta axudas de estudos:

- Os fillos/as daqueles funcionarios/as de carreira e do persoal laboral fixo desta Deputación Provincial que se encontren en servizo activo antes da finalización do prazo de entrega das solicitudes.
- Os fillos/as das parellas de feito dos titulares do dereito incluídos no apartado a), segundo o disposto no anexo I do V Acordo Regulador e en idéntico anexo do I Convenio Colectivo.
- Con carácter excepcional, os fillos/as dos titulares do dereito sinalados no apartado a), cando estes tivesen falecido en servizo activo, ata que finalicen os estudos.



Quedan excluídos destas axudas os fillos/as do persoal eventual, os/as dos funcionarios interinos, os bolseiros e os contratados temporais, ademais dos fillos do persoal incluído no apartado a) e b) que teñan mais de 30 anos cando finalice o prazo de entrega das solicitudes.

2.- ESTUDOS

Estas axudas, que se outorgarán para a realización de estudos en Centros ou Institucións docentes oficiais ou homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), ou pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así coma os estudos no estranxeiro de ensinanzas reguladas recollidas no RD 889/2022, clasifícanse da seguinte forma, tendo en conta os criterios establecidos na base 5.2:

- A) Estudos superiores, cursos de posgrao, cursos de práctica xurídica ou másters en domicilio. Tamén os estudos realizados na Universidade Nacional a Distancia (UNED).
- B) Estudos superiores, cursos de posgrao, cursos de práctica xurídica ou másters fóra do domicilio do/a funcionario/a e con residencia no domicilio do funcionario.
- C) Estudos superiores, cursos de posgrao, cursos de práctica xurídica ou másters fóra do domicilio e con residencia no municipio do centro de estudos.

Os estudos universitarios no estranxeiro de profesións non reguladas, aboaranse cando se acredite que os estudos son susceptibles de obter a declaración de equivalencia.

3.-INCOMPATIBILIDADES

3.1. INCOMPATIBILIDADES: As axudas que se outorguen conforme as presentes bases serán incompatibles con calquera outra concedida por institucións públicas ou privadas, bolsas de estudo, etc., salvo o sinalado no apartado 3.2 desta base, incorrendo en responsabilidades legais os solicitantes que faltasen á verdade na declaración que emitan a este respecto.

De terse solicitada unha bolsa de estudos ó MEC, non se procederá ao pagamento da axuda de estudos promovida por esta Deputación Provincial en tanto non se xustifique debidamente a concesión ou desestimación da referida bolsa polo citado Ministerio, presentando a correspondente notificación do mesmo.

Non se atenderán as solicitudes nas que conste a petición doutra bolsa de estudos, salvo que se acredite a súa denegación.

Cando se soliciten axudas para cursar distintos estudos, tramitarase a de maior contía.

3.2. COMPATIBILIDADES: Nos casos de exención de matrícula por expediente académico, violencia de xénero, condición de familia numerosa ou monoparental, independentemente da contía da exención de taxas académicas, aboarase por esta Deputación Provincial o importe da correspondente axuda de estudos segundo estas bases, previa xustificación de tal condición ou circunstancia, xa que no primeiro caso prémiase o especial rendemento do alumno/a, e no segundo suposto séguense as pautas marcadas polo MEC no outorgamento de bolsas de estudo, en canto aos beneficios que deben recoñecerse as familias de tal categoría por mor das súas maiores cargas económicas.

Non se aboarán estas axudas de estudos nos demais casos de exencións de matrícula, salvo as que deriven de sobresalientes ou matrículas de honra.



3.3. BONIFICACIÓN: Nos casos de ser beneficiario do sistema de bonificacións dos prezos públicos financiados pola Administración da Comunidade Autónoma na que se cursan os estudos, aboarase o 50% do importe que se detalla na táboa de módulos segundo o grupo de clasificación do funcionario.

4.- CONTÍA

Con cargo á consignación económica contemplada na aplicación 921.3260.481.01 do orzamento provincial, as axudas de estudos previstas nas presentes bases, concederanse conforme a seguinte escala, establecida en función dos estudos cursados polas persoas interesadas e dos grupos de clasificación dos titulares do dereito a solicitar as axudas:

ESTUDOS/GRUPOS	A1	A2	C1	C2	E
Estudos superiores, cursos de posgrao, doutorado, práctica xurídica ou máster en domicilio do/a funcionario/a.	371,83 €	420,76 €	450,11 €	499,04 €	533,24 €
Estudos superiores, cursos de posgrao, doutorado, práctica xurídica ou máster fóra do domicilio e con residencia no domicilio do funcionario	418,95 €	467,40 €	496,85 €	546,25 €	579,50 €
Estudos superiores, cursos de posgrao, doutorado, práctica xurídica ou másters fóra do domicilio do/a funcionario/a e con residencia no mesmo municipio do centro de estudos	733,88 €	841,51 €	880,65 €	988,29 €	1.076,35€
Por cada sobresaliente ou matrícula de honra nunha disciplina de estudos superiores no curso 2024/2025 (incluída UNED) (cun máximo de 285,00 €). Finalizados os estudos o abono desta cantidade quedará supeditada a existencia de consignación orzamentaria.					95,00 €
Os correspondentes ao último curso de FP ou Bacharelato aplicarase a contía sinalada nas respectivas bases específicas (incluso cando neste curso o fillo/a non poda acceder á axuda de estudos da Deputación por ser beneficiario dunha bolsa)					

Nos casos de bonificación de matrícula, aboarase o 50% do importe da táboa de módulos.

Dado que resulta difícil valorar de antemán as peticións de cada un dos módulos, e por conseguinte a montaxe total das axudas a conceder, en caso de superarse o crédito global existente ou de producirse excedentes na partida, a Comisión Paritaria Mixta revisará as cantidades sinaladas na táboa de módulos para axustalas á consignación orzamentaria.

5.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

1.- Tendo en conta a referida clasificación das axudas de estudos prevista na base 2, aboaranse os importes que se determinan na base 4 conforme os seguintes criterios:

- Aplicando a totalidade do importe indicado na táboa de módulos da base 4, nos supostos de curso completo, seis ou mais materias de ensinanza de primeira matrícula, ou 50 créditos nas materias de segunda e sucesivas matrículas.



- b) Aplicando o 50% do importe establecido na devandita táboa de módulos da base 4, nos supostos de menos de seis materias de ensinanzas de primeira matrícula ou menos de 50 créditos nas de segunda e sucesivas matrículas.

No caso de que non se reflicta o pagamento de taxas, exención de matrícula ou materias que se cursen, deberá presentarse un certificado ou expediente académico onde se fagan constar as materias de primeira, segunda e sucesivas matrículas, así como os seus créditos.

2.- Aos efectos destas bases reguladoras, considéranse:

- estudos no domicilio aqueles que se realicen en Centros situados dentro do Municipio onde se atope a residencia habitual do funcionario/a.
- estudos fóra do domicilio e con residencia no mesmo municipio aqueles nos que a residencia do/a fillo/a se atope no domicilio habitual do/a funcionario e o Centro de estudos nun Municipio diferente.
- estudos fóra do domicilio, con residencia nun municipio distinto, todos aqueles nos que a residencia do/a fillo/a se atope situada fóra do domicilio habitual do funcionario/a, nun Municipio diferente ó que consta no certificado de empadramento da persoa funcionaria ou traballadora. Cando a vivenda na que reside o/a fillo/a sexa titularidade do solicitante da axuda ou do seu cónxuxe, non terá a consideración de estudos fóra do domicilio.

A acreditación da realización de estudos fóra do domicilio, deberá realizarse, en todo caso, por algún dos seguintes documentos:

- a) Certificado de empadramento do/da estudante beneficiario/a da axuda, de coincidir co municipio onde realiza os estudos, e a do/a funcionaria/o ou traballador/a.
- b) Fotocopia do documento que acredite o uso da vivenda (arrendamento en vigor, contrato ou factura expedida pola compañía subministradora de telefonía fixa, auga, gas, electricidade, etc., sempre que a titularidade da vivenda non sexa do solicitante ou do seu cónxuxe), ou declaración xurada do propietario e fotocopia do DNI.

3.- Exclúense destas bases os cursos de perfeccionamento, preparación e ingresos en academias privadas ou similares.

4.- Todas as axudas contempladas nestas bases incrementaranse nun 100% no suposto de que o solicitante ou beneficiario das mesmas estea afectado por unha grave invalidez, física ou psíquica, nun grao igual ou superior ó 65% de discapacidade, e incrementaranse nun 50% se o grao de discapacidade é inferior, o que se acreditará mediante resolución xudicial ou administrativa que o recoñeza.

5.- No caso de renunciar á axuda solicitada, deberá presentarse escrito de renuncia no Rexistro desta Deputación Provincial.

6.- Cando se leve a cabo unha modificación da matrícula, será preciso presentar o correspondente certificado de matrícula onde conste o cambio realizado.



7.- Cando o abono dos estudos por parte do solicitante estea sometido a un programa de pagos aprazados por mensualidades ou calquera outra forma, unha vez concluído o pago de todas as cantidades diferidas, deberá presentarse toda a documentación acreditativa do abono dos correspondentes recibos antes do 1 de agosto de 2026. De non xustificarse a cantidade global, deberá reintegrarse a esta Deputación Provincial o importe indebidamente percibido, antes da finalización do curso académico.

8.- As persoas solicitantes ás que lle sexa denegada unha bolsa de estudos doutro Organismo, deberán presentar copia da notificación da referida denegación, folla de matrícula onde conste a cantidade a aboar á Universidade e recibo do pago total realizado.

9.- No suposto de que a persoa beneficiaria da axuda promovida por esta Deputación estude nun Centro Privado, o/a funcionario/a ou traballador/a solicitante deberá xustificar que é un Centro homologado ou que os estudos que nel se cursan o son.

10.- Non se admitirá a devolución da axuda concedida a petición da persoa interesada unha vez aboada e nómina.

6.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

6.1. As solicitudes destas axudas de estudos deberán presentarse no modelo oficial, debidamente cuberto, na sede electrónica da Deputación, ata o 30 de novembro de 2025, este incluído, debendo achegar segundo o caso, a seguinte documentación en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada:

- a) Estudios superiores, cursos de posgrao, cursos de práctica xurídica ou másters en domicilio. Estudos realizados na Universidades Nacional de Educación a Distancia (U.N.E.D.):
 - Certificado que acredite curso completo ou folla de matrícula onde consten as materias que se vaian a cursar ou a súa exención e se son de primeira ou sucesivas matrículas.
 - Xustificante do pagamento da matrícula completa ou do primeiro pago fraccionado.
 - Fotocopia do DNI do fillo/a beneficiario.
- b) Estudios superiores, cursos de posgrao ou másters fóra de domicilio:
 - Certificado de empadramento da persoa estudante beneficiario/a, de coincidir co municipio onde realiza os estudos, e do/a funcionario/a ou traballador/a, ou fotocopia do documento que acredite o uso da vivenda (contrato de arrendamento en vigor, contrato ou factura expedida pola compañía subministradora de telefonía fixa, auga, electricidade, gas, etc., sempre que a titularidade da vivenda non sexa do solicitante ou do seu cónxuxe), ou declaración xurada do propietario e fotocopia do DNI.
 - Certificado que acredite curso completo ou folla de matrícula onde consten as materias que se vaian a cursar ou a súa exención.
 - Xustificante do pagamento da matrícula completa ou do primeiro pago fraccionado.
 - Fotocopia do DNI do fillo/a beneficiario.
 - No caso de estudos no estranxeiro de profesións non reguladas, ademais, informe ou certificado da Administración correspondente que acredite que os estudos son susceptibles de obter a declaración de equivalencia.



- c) Estudios superiores, cursos de posgrao ou másters fóra de domicilio e con residencia no mesmo municipio.
- Certificado de empadramento da persoa estudante beneficiario/a, de coincidir co municipio onde realiza os estudos, e do/a funcionario/a ou traballador/a
 - Certificado que acredite curso completo ou folla de matrícula onde consten as materias que se vaian a cursar ou a súa exención.
 - Xustificante do pagamento da matrícula completa ou do primeiro pago fraccionado.
 - Fotocopia do DNI do fillo/a beneficiario.

De non figurar a documentación esixida nestes apartados, será necesario presentar un certificado ou expediente académico onde se faga constar que as materias son de primeira matrícula e os seus créditos, e cales son de segunda e sucesivas matrículas.

6.2. De non acreditarse a realización dos estudos fóra do domicilio coa documentación achegada pola persoa solicitante, concederase o importe da axuda que corresponda aos seus estudos dentro do domicilio.

6.3. As solicitudes que correspondan a casos de ampliación de matrícula ou nova matrícula, formalizadas con posterioridade ao vencemento do prazo sinalado para a presentación das instancias, incluíranse no expediente de axudas de estudos do ano seguinte, condicionadas á existencia de consignación orzamentaria.

6.4. A condición de familia numerosa e monoparental acreditarase co copia compulsada do libro de familia.

6.5. Os casos de violencia de xénero xustificaranse con copia compulsada da sentenza xudicial firme ou acreditación desta situación polos organismos, recursos e servizos autonómicos competentes.

7.- REVISIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA

1. Finalizado o prazo de presentación de instancias, o Servizo de RRHH e Formación comprobará as solicitudes presentadas, e requirirá, no seu caso, as persoas interesadas para que aporten a documentación esixida, se está incompleta, ou emenden o erros detectados, no prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción dese escrito, con indicación de que, de non facelo, terase por desistida da súa petición.

2. O requirimento será notificado electrónicamente a través da dirección de correo indicada na solicitude.

3. O prazo máximo de resolución da concesión deste tipo de axudas será de 12 meses contados a partir da data de presentación da solicitude no rexistro xeral da Deputación.

8.- DOTACIÓN ECONÓMICA

De conformidade co establecido no V Acordo Regulador e I Convenio Colectivo, as axudas de estudos imputaranse á aplicación orzamentaria 921.3260.481.01

Por outra parte, en aplicación do previsto no artigo 147 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, as cantidades que se abonen por este concepto serán incluídas na base de cotización á seguridade social.



9.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

En canto á interpretación das bases reguladoras da concesión destas axudas de estudos universitarios, é preciso sinalar que calquera dúbida que poida xurdir na súa aplicación, interpretación, resolverase na Comisión Paritaria Mixta.

Asinado dixitalmente á marxe

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE ESTUDOS NON UNIVERSITARIOS CURSO 2025-2026

De conformidade co disposto no Artigo 68 do V Acordo Regulador para persoal funcionario e I Convenio Colectivo para persoal laboral da Deputación de Pontevedra, as axudas de estudos non universitarios para o curso 2025-2026, se rexerán polas seguintes,

BASES

1.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas de estudos:

- a) Os fillos/as dos funcionarios de carreira e do persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Pontevedra, que se encontren en servizo activo antes da finalización do prazo de entrega das solicitudes.
- b) Os fillos/as das parellas de feito dos titulares do dereito incluídos no apartado a), segundo o disposto no anexo I do V Acordo Regulador e en idéntico anexo do I Convenio Colectivo.
- c) Con carácter excepcional, os fillos/as dos titulares do dereito sinalados no apartado a), cando estes tivesen falecido en servizo activo, ata que finalicen os estudos.

Quedan excluídos destas axudas os/as fillos/as dos funcionarios de emprego, os/as dos funcionarios interinos, os bolseiros e os contratados temporais, ademais dos fillos/as do persoal incluído nos apartados a) e b) que teñan mais de 30 anos cando finalice o prazo de presentación das solicitudes.

2.- ESTUDOS.

Estas axudas, que se outorgarán para a realización de estudos en Centros ou Institucións docentes oficiais ou homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) ou pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así coma para a realización de estudos no estranxeiro que estean homologados, clasifícanse da seguinte forma:

- A) Educación infantil e primaria.
- B) ESO, Curso de acceso +25 anos.
- C) Formación Profesional, Certificados de profesionalidade, Bacharelato e Estudos de Ensinanzas Artísticas recollidas como tales no Artigo 45.2 b) e c) da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de Maio de Educación.
- D) Escola Oficial de Idiomas



3.- INCOMPATIBILIDADES

As axudas que se outorguen conforme as presentes bases serán incompatibles con calquera outra concedida por institucións públicas ou privadas, bolsas de estudos, etc., incorrendo en responsabilidades legais os que faltasen á verdade na declaración que emitan a este respecto.

De terse solicitada unha bolsa de estudos ó MEC, non se procederá o pagamento da axuda de estudos promovida por esta Deputación Provincial, en tanto non se xustifique debidamente a súa concesión ou desestimación da referida bolsa polo citado Ministerio, presentando a correspondente notificación do mesmo.

Non se atenderán as solicitudes nas que conste a petición doutra bolsa de estudos, salvo que se acredite a súa denegación.

Cando se soliciten axudas para cursar distintos estudos, tramitarase a de maior contía.

4.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

1.- De acordo coa clasificación destas axudas de estudos prevista na base 2, aboaranse os importes establecidos na táboa de módulos da base 5.

2.- As axudas para colexios e escolas infantís concederanse por fillos/as inscritos nalgúns destes centros, cando así o xustifiquen mediante a correspondente matrícula.

3.- Exclúense destas bases os cursos de perfeccionamento, preparación e ingreso en academias privadas ou similares.

4.- Todas as axudas reflexadas nestas bases incrementaranse nun 100% no suposto de que o solicitante ou beneficiario das mesmas estea afectado por unha grave invalidez, física ou psíquica, nun grao igual ou superior ó 65% de discapacidade, e incrementaranse nun 50% se o grao de discapacidade é inferior, o que se acreditará mediante resolución xudicial ou administrativa que así o recoñeza.

5.- No caso de renunciar á axuda solicitada deberá presentarse polo interesado/a escrito de renuncia no Rexistro Xeral Desta Deputación Provincial.

6.- No suposto de que o beneficiario/a da axuda estude nun Centro Privado, o funcionario/a ou traballador/a solicitante da axuda deberá xustificar que o Centro e os estudos son homologados.

5.- CONTÍA

Con cargo á consignación económica prevista na aplicación 921.3260.481.01 do orzamento provincial, as axudas de estudos non universitarios concederanse conforme a seguinte escala, en función dos estudos cursados polos interesados e en función dos grupos de clasificación profesional dos titulares do dereito a solicitar tales axudas:



ESTUDOS/GRUPOS	A1	A2	C1	C2	E
Educación infantil (de 0 a 5 anos) e primaria	107,64 €	117,42 €	127,21 €	141,88 €	176,13 €
ESO, curso de acceso +25 anos	215,27 €	254,41 €	293,55 €	327,80 €	352,26 €
FP, Certificados de profesionalidade, Bacharelato e Ensinanzas Artísticas (*)	219,45 €	259,35 €	299,25 €	334,16 €	359,10 €
Curso da Escola Oficial de Idiomas	107,64 €	117,42 €	127,21 €	141,88 €	176,13 €

(*) Ensinanzas artísticas contempladas no artigo 45.2.b) e c) da LO 2/2006 de 3 de maio de Educación.

Por cada sobresaliente ou matrícula de honra nunha disciplina de estudos de FP e Bacharelato (cun máximo de 142,50 €). Finalizados os estudos o abono desta cantidade quedará supeditada á existencia de consignación orzamentaria.	28,50 €
---	---------

Dado que resulta difícil valorar de antemán as peticións de cada un dos módulos, e por conseguinte a montaxe total das axudas a conceder, en caso de superarse o crédito global existente ou de producirse excedentes na partida, a Comisión Paritaria Mixta revisará as cantidades sinaladas na táboa de módulos para axustalas á consignación orzamentaria.

6.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes destas axudas de estudos non universitarios deberán presentarse no modelo oficial, debidamente cuberto, na sede electrónica da Deputación, ata o 30 de novembro de 2025, este incluído, debendo achegar o xustificante de estar matriculado no curso 2025-2026 en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

En calquera caso, as solicitudes presentadas fóra de prazo serán desestimadas.

7.- REVISIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA

Finalizado o prazo de presentación de instancias, o Servizo de RRHH e Formación comprobará as solicitudes presentadas, e requirirá, no seu caso, as persoas interesadas para que aporten a documentación esixida, se está incompleta, ou emenden o erros detectados, no prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción dese escrito, con indicación de que, de non facelo, terase por desistida da súa petición.

2. O requirimento será notificado electrónicamente a través da dirección de correo indicada na solicitude.



3. O prazo máximo de resolución da concesión deste tipo de axudas será de 12 meses contados a partires da data de presentación da solicitude no rexistro xeral da Deputación.

8.- DOTACIÓN ECONÓMICA

De conformidade co establecido no V Acordo Regulador e I Convenio Colectivo, as axudas de estudos resinadas imputaranse á aplicación orzamentaria 921.3260.481.01

Por outra banda, en aplicación do previsto no artigo 147 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, as cantidades que se aboen por este concepto serán incluídas na base de cotización á Seguridade Social.

9.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

En canto ás presentes bases reguladoras da concesión destas axudas de estudos non universitarios, é preciso sinalar, que calquera dúbida que poida xurdir na súa aplicación, interpretación resolveranse na Comisión Paritaria Mixta.

Asinado dixitalmente á marxe

16.35717.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

17.35718.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

18.35719.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

